

INFANTIL + 1º e 2º de PRIMARIA

**Hoje imos á
Casa de Rosalía**

**Guía do
profesorado**



A proposta didáctica *Hoxe imos á Casa de Rosalía* elaborouse para un abano amplo de alumnado, que pode ir dende 4º de infantil ata o 2º curso de primaria, que vai visitar a Casa de Rosalía.

1. Obxectivos

Entre os principais obxectivos que se agardan da utilización deste material e da visita á casa-museo podemos sinalar:

- Achegarse á figura da fundadora das nosas letras, coñecela como muller e nai.
- Coñecer os seus principais símbolos creativos (a campá, o río...).
- Recoñecer a admiración que por ela tiveron persoas de todos os tempos.
- Vivir a Casa de Rosalía como a súa casa, a casa na que todos os galegos son ben recibidos.

Queremos que as profesoras e profesores destes niveis sexan conscientes da enorme importancia do seu labor ao teren a responsabilidade de poñer por primeira vez no imaxinario do noso alumnado a figura de Rosalía de Castro. Na maioría dos casos vai ser o profesorado o encargado de plantar esa primeira semente de recoñecemento e amor por Rosalía, de chegar as nosas alumnas e alumnos a unha muller próxima que cantaruxaba pola casa e gozaba do contacto cos nenos e que se hoxe estivese entre eles había de ser falangueira e rebuldeira.

2. Contido da proposta didáctica Hoxe imos á Casa de Rosalía

Hoxe imos á Casa de Rosalía ofrécelle ás profesoras e profesores dous materiais de utilización exclusiva para os docentes:

- **Hoxe imos á Casa de Rosalía. Guía do profesorado.** Neste documento o profesorado atopará a explicación da unidade didáctica, os seus obxectivos, o contido da proposta didáctica, así como tamén a súa xustificación curricular actualizada á LOMLOE.
- **Hoxe imos á Casa de Rosalía. Guía docente para a visita.** Proposta de actuación para o profesorado na visita á casa-museo.

Estas dúas guías acompañan os seguintes materiais para utilización directa co alumnado:

- **Contamos as rosas de Rosalía (xogo)**
Xogo de tarxetas con diversas utilidades. Contén:
 - Instrucións de xogo
 - Aproveitamento didáctico
 - Utilización do material
 - 24 tarxetas de rosas e números para imprimir e plastificar
 - 12 tarxetas de rosas e branco para imprimir, estampar, debuxar e escribir
 -
- **Dominó Rosalía para xogar coa cativada (xogo)**
Xogo tradicional de dominó con simboloxía rosaliana. Contén:
 - Instrucións de xogo
 - Aproveitamento didáctico

- Simbología rosaliana traballada
 - Utilización do material
 - 28 tarxetas para imprimir, recortar e clasificar ou tamén para pegar.
- **A ver que lembrás (xogo)**
 - Xogo dixital de cinco preguntas para acertar.
 - Achégase ligazón e tamén formato PDF para xogar sen conexión.
 - **Rosalía. Xogo de memoria.**
 - Xogo dixital onde o alumnado intentará en tres pantallas memorizar as imaxes e logo localizar a peza buscada nas celas ocultas.
 - Ofrece tres niveis de menor a maior dificultade onde terán que buscar entre 6, 10 e 12 imaxes.
 - Achégase ligazón e tamén formato PDF para xogar sen conexión.
 - **O sombreiro de Murga.**
 - Obra de Manuel Lourenzo Baleirón ilustrada por Bea Gregores.
 - Lectura literaria na aula na que traballar a comprensión auditiva e a memoria preparando a visita á Casa de Rosalía.
 - **Escolma de material didáctico complementario.**
 - Achégase unha escolma de material didáctico sobre Rosalía para esta franxa de idade que se pode atopar en Internet.

3. Contexto curricular para a Etapa de Educación Infantil

Este material creouse tendo en conta o DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.1. Obxectivos da etapa

As actividades propostas insírense no marco educativo curricular ao traballar de cheo o obxectivo de etapa:

- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Especialmente naquilo que se refire á valoración das singularidades lingüísticas e na posta de relevancia das mulleres que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas en tanto que Rosalía non só é a fundadora da nosa tradición literaria cunha importante obra nesta arte senón tamén unha muller que, a través dos seus escritos realizou un importante labor de reivindicación daqueles sectores da sociedade máis desfavorecidos con especial atención á situación das mulleres dobremente prexudicadas.

Alén deste obxectivo central, tamén se traballan estoutros obxectivos da educación infantil de maneira que esta proposta didáctica contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

3.2. Competencias clave

Podemos, asemade, sinalar as competencias clave da etapa que se desenvolven mediante a realización desta proposta didáctica:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

3.3. Principios pedagóxicos

- A dita práctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo
- De igual modo, sen que resulte esixible para afrontar a educación primaria, poderase favorecer unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e da comunicación, na expresión visual e musical, e en calquera outra que a consellería con competencias en materia de educación determine.

3.4. Criterios de avaliación

Podemos sinalar os seguintes criterios de avaliación traballados na proposta didáctica:

- CA1.2. Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.
- CA1.3. Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.
- CA2.2. Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.
- CA2.3. Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.
- CA3.2. Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.
- CA3.6. Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.
- CA4.3. Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.
- CA5.3. Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.
- CA5.4. Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.
- CA5.5. Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.

- CA7.2. Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.
- CA7.6. Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.
- CA9.1. Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.

4. Contexto curricular para o Primeiro Ciclo de Educación Primaria

Este material didáctico fíxose tendo en conta o Decreto /2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.1. Obxectivos da etapa

As actividades propostas insírense no marco educativo curricular da educación primaria ao traballar os seguintes obxectivos de etapa que contribúen a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

4.2. Competencias clave

Podemos, asemade, sinalar as competencias clave da etapa que se desenvolven mediante a realización desta proposta didáctica:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

4.3. Currículo de Lingua Galega e Literatura

4.3.1. Criterios de avaliación traballados do 1º curso:

- CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.
- CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.
- CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.
- CA3.5. Empregar a lectura de textos infantís sinxelos, en lingua galega, para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.
- CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas.
- CA5.1. Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.
- CA5.3. Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.
- CA6.5. Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.

4.3.2. Criterios de avaliación traballados do 2º curso:

- CA1.3. Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.
- CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.
- CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.
- CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.
- CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos sinxelos de carácter infantil, identificando, de maneira acompañada, o sentido global e a información relevante.
- CA3.2. Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, en lingua galega, axeitados ao nivel: título, ilustracións e identificación de palabras clave.
- CA3.3. Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, especialmente en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.
- CA3.6. Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- CA4.5. Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diversas fontes.
- CA5.3. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e de gozo persoal.
- CA6.5. Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos.